

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

Dende a eliminación da capacidade de xestión da área sanitaria de Monforte, que cobre a unhas 40.000 persoas, en 2010, o Hospital comarcal de Monforte véñse resentindo nos seus servizos.

Pese á propaganda oficial da Xunta, que defendeu que o cambio reforzaría o Hospital, amósase que tiña razón a cidadanía que se mobilizou para defender a Sanidade pública: o Hospital está a sufrir un paulatino deterioro.

A Xunta respondeu á deputada que subscribe, o 13 de febreiro de 2019, que “os medios e o persoal dos que dispón o Hospital de Monforte son os correctos e adecuados de acordo coa asistencia de calidade prestada”.

Sen embargo, a finais de ano 2019, continúa a especialidade de dixestivo cun só profesional, estando xa máis de dous anos sen o segundo dixestivo prometido (e necesario). Deste xeito, as listas de agarda para probas ordinarias poden chegar a pasar do ano e medio e con agardas intolerables en probas diagnósticas de tumores. Para poder axilizar colonoscopias cómpre mesmo facer ingresos hospitalarios non necesarios, co conseguinte aumento de prexuízos para a cidadanía e de aumento dos custes. No último concurso de traslados, non se sacou esta praza. Un dixestivo vén dous días á semana ao Hospital dende o HULA, algo claramente insuficiente e que supón reducir efectivos no Hospital de Lugo.

A Xunta sinala que “non oculta ningún dato, nin de derivacións nin de listas de agarda, as cales son publicadas cada semestre na páxina do Servizo Galego de Saúde”, pero obvia que non publica as listas de agarda non estruturais, aquelas que se xeran entre o momento de ir



pedir cita, cando non a dan e din que chamarán por teléfono ao/a paciente ou que lle enviarán carta: só se entra oficialmente na lista de agarda cando se envía esa notificación, polo que o tempo de espera ata recibila, non consta oficialmente.

Recuperouse a segunda praza de cardioloxía, pero logo de soportar durante máis de un ano intolerables listas de agarda neste servizo, e, neste momento, en decembro de 2019, está sen cubrir a baixa dunha cardióloga.

En canto a pediatras, a baixa dunha pediatra tamén está sen cubrir.

No ano 2018 unha folga do persoal do Hospital acadou compromisos por parte do SERGAS de reforzar o persoal auxiliar e celador, pero os reforzos de persoal non son suficientes cando hai momentos de sobrecarga asistencial.

Por outra parte, perdéronse os seguintes servizos e postos de traballo:

- médico codificador.
- subdirector de xestión.
- un perito en mantemento.
- carpinteiro, que desde que se xubilou o titular se está a cubrir con acumulo de tarefas, pero non se convoca a praza vacante.
- unha telefonista, que se cubre dende Lugo.
- a cafetería pasou a ser xestionada por unha cadea, en lugar de ser contratada a empresas locais, coa conseguinte perda da subministración na zona.
- para mantemento e informática, depéndese de Lugo.

Ademais, a Xunta sinalou que “no Hospital de Monforte estase a traballar para tratar de ter o menor persoal posible en situación de eventualidade, como demostra o plan de estabilización no que está inmerso o hospital”.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula á Xunta de Galicia a seguinte pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 5ª:



- Ata cando vai a Xunta manter como sucursal de Lugo o Hospital de Monforte?
- Cales son os datos das listas de agarda non estruturais no Hospital Comarcal de Monforte?
- Cal é a porcentaxe de eventualidade no Hospital Comarcal de Monforte? Pode a Xunta trasladar os datos de persoal fixo, eventual e previsións de xubilacións en cada servizo do Hospital de Monforte? E o número de contratos realizados en cada mes de 2018 e 2019?
- Que entende o Sergas por “efectivos adecuados” á calidade asistencial?
- Considera que é suficiente o persoal no Hospital cando hai momentos de sobrecarga asistencial?
- Cando vai o Sergas cubrir as especialidades non cubertas no Hospital Comarcal de Monforte?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 29/01/2020 10:57:48

